

persoas con discapacidade, de acordo co previsto no número 8 do artigo 8 desta lei.

6. O réxime regulado nesta disposición adicional será de aplicación ás achegas e prestacións realizadas ou percibidas de mutualidades de previsión social, de plans de previsión social, de plans de previsión asegurados, plans de previsión social empresarial e seguros que cubran exclusivamente o risco de gran dependencia conforme o disposto na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia a favor de persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos nos anteriores números e os que se establezan regulamentariamente. Os límites establecidos serán conxuntos para todos os sistemas de previsión social nesta disposición das mesmas a favor de persoas con discapacidade que cumpran os requisitos previstos nos anteriores números.»

7. Modifícase a disposición transitoria terceira do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria terceira. Aplicación do réxime sancionador.

O réxime sancionador en materia de ordenación e supervisión dos plans e fondos de pensións regulado nesta lei será de aplicación ás infraccións tipificadas nela cometidas a partir de 10 de novembro de 1995.»

8. Engádesse un novo parágrafo á disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2002, do 29 de novembro, coa seguinte redacción:

«As Cortes Xerais e as asembleas lexislativas das comunidades autónomas poderán promover e realizar achegas a plans de pensións do sistema de emprego, así como a contratos de seguro colectivo dos regulados na disposición adicional primeira desta lei, nos cales se poderán incorporar como partícipes e asegurados os membros das respectivas cámaras. Para estes efectos, a promoción dun plan de pensións de emprego para os ditos membros poderase realizar, se é o caso, como excepción do establecido no artigo 4.1.a) desta lei sobre promoción dun único plan de emprego por cada promotor.»

Disposición derradeira sexta. *Habilitación para a Lei de orzamentos xerais do Estado.*

A Lei de orzamentos xerais do Estado poderá modificar, de conformidade co previsto no número 7 do artigo 134 da Constitución española:

- a) A escala e os tipos do imposto e as deducións na cota.
- b) Os demais límites cuantitativos e porcentaxes fixas establecidos nesta lei.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

O Goberno ditará cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

1. Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2007. Non obstante, as habilitacións á Lei de orzamentos xerais do Estado e a disposición derradeira primeira desta lei

entrarán en vigor o día seguinte ao da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado».

2. Para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas, esta lei será de aplicación ás rendas obtidas a partir do 1 de xaneiro de 2007 e ás que corresponda imputar a partir dela, consonte os criterios de imputación temporal da Lei 18/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre a renda das persoas físicas e as súas normas de desenvolvemento, da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

20765 *ORDETAS/3623/2006, do 28 de novembro, pola que se regulan as actividades preventivas no ámbito da Seguridade Social e o financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais. («BOE» 285, do 29-11-2006.)*

A prevención dos riscos profesionais recóllese no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, desde unha dobre perspectiva:

Por unha parte, o artigo 68.2.b.) do devandito texto legal encoméndalles ás mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social «a realización de actividades de prevención, recuperación e demais previstas na dita lei», como parte do contido que comprende a colaboración das devanditas entidades na xestión da Seguridade Social.

A devandita previsión legal tivo o seu reflexo no Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, cuxo artigo 13.1 establece que as mutuas poderán desenvolver actividades para a prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais a favor das empresas asociadas e dos seus traballadores dependentes, e dos traballadores por conta propia adheridos que teñan cubertas as contingencias citadas, nos termos e condicións establecidos no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, no propio regulamento e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento. Así mesmo, precisa que de tales actividades, que non implican atribución de dereitos subxectivos a favor dos colectivos mencionados, quedan excluídas as que os empresarios deban desenvolver a través dalgunha das modalidades de organización da actividade preventiva

por imperativo da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

Por outra parte, xunto ás actividades preventivas que desenvolverán as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social no ámbito da colaboración na xestión e, igualmente, como parte integrante da acción protectora da Seguridade Social, a prevención dos riscos profesionais aparece así mesmo recollida no artigo 73 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, a teor da cal o 80 por cento do exceso dos excedentes anuais obtidos polas mutuas na súa xestión unha vez cubertas as reservas regulamentarias se adscribirá aos fins xerais de prevención e rehabilitación; prescrición que tamén tivo o seu reflexo no citado regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, cuxo artigo 66.1 reproduce a obriga legal de destinar aos fins indicados o 80 por cento do exceso de excedentes da xestión que deberán ingresar as mutuas no Banco de España e en conta especial á disposición do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, o cal disporá o destino concreto que se lles deberá dar a estes fondos dentro da afectación aos fins xerais sinalados e conforme as demais normas legais que resulten de aplicación ao respecto.

Polo que se refire ás actividades que desenvolverán as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social no ámbito da colaboración na xestión, as ditas actividades están reguladas, conxuntamente coas desenvolvidas polas referidas entidades como servizo de prevención alleo, na Orde do 22 de abril de 1997, pola que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social no desenvolvemento de actividades de prevención de riscos laborais, que resultou afectada polo Real decreto 688/2005, do 10 de xuño, polo que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como servizo de prevención alleo, coincidente co ano de finalización do último dos plans de actividades preventivas a través dos cales as mutuas viñan desenvolvendo a actividade comprendida no ámbito da Seguridade Social.

En canto á prevención aludida no artigo 73 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que se desenvolverá con cargo ao 80 por cento do exceso de excedentes da xestión das mutuas, a única previsión legal ao respecto aparece recollida na Lei 31/1995, do 8 de novembro, que estableceu na súa disposición adicional quinta a dotación, con cargo ao devandito exceso de excedentes, dun patrimonio destinado a financiar as actividades que deberá desenvolver a fundación que na devandita disposición adicional se prevían, consistentes na promoción da mellora das condicións de seguranza e saúde no traballo, especialmente nas pequenas empresas, a través de accións de información, asistencia técnica, formación e promoción do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Esgotada a contía total prevista na Lei 31/1995, do 8 de novembro, para a dotación patrimonial da fundación indicada, e co fin de garantir a regularidade no cumprimento dos seus fins pola disposición adicional cuadraésimo sétima da Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, modificouse a disposición adicional quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, á cal se lle engade un novo punto en que, coa finalidade indicada, se prevé a posibilidade de realizar achegas patrimoniais á fundación con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación, coa periodicidade e na contía que se determinen regulamentariamente.

En consecuencia, faise necesario, dunha parte, regular o relativo ás actividades preventivas que desenvolverán as mutuas no ámbito da colaboración na xestión da

Seguridade Social e, doutra, dar cumprimento á previsión sobre financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais contida na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, regulando, ao mesmo tempo, o resto das actividades que se desenvolverán con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación, de conformidade co establecido no artigo 73 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e no artigo 66.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

A regulación de ambas as dúas materias, tanto as actividades preventivas que desenvolverán as mutuas como as que se poidan levar a cabo con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación, de conformidade coas previsións contidas nos artigos 13 e 66.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, ditados, pola súa vez, en desenvolvemento do establecido nos artigos 68.2.b) e 73 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, correspóndelle ao titular do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais en virtude da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado regulamento.

Co fin de manter a debida coordinación, tanto a normativa reguladora das actividades preventivas que se desenvolverán no ámbito da Seguridade Social como as actuacións derivadas dela, que forman parte das competencias da Administración da Seguridade Social dimanantes da xestión das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, deberanse incardinar dentro das políticas preventivas de ámbito estatal ou supra-autonómico que deriven da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo, cuxa coordinación lles corresponde á Secretaría Xeral de Emprego e aos seus órganos administrativos con competencia nesta materia. Todo iso sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de prevención de riscos laborais nos seus respectivos ámbitos territoriais.

A elaboración desta orde levouse a cabo coa conformidade da Secretaría Xeral de Emprego, e na súa tramitación foron consultadas as organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do secretario de Estado da Seguridade Social, e en uso das facultades outorgadas polo artigo 12 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, polo artigo 5 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e pola disposición derradeira primeira do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Actividades preventivas que se desenvolverán no ámbito da Seguridade Social.*

1. As actividades preventivas que se desenvolverán no ámbito da Seguridade Social son as seguintes:

a) As que realicen as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 68.2.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, e no artigo 13.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

b) As que se desenvolvan con cargo ao 80 por cento do exceso de excedentes da xestión das mutuas de acci-

dentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 73 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social e no artigo 66.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

2. O desenvolvemento das actividades preventivas mencionadas levarase a cabo nos termos que se sinalan nos artigos seguintes.

3. A Intervención Xeral da Seguridade Social corresponderálle as competencias establecidas na súa normativa de aplicación.

CAPÍTULO II

Actividades preventivas que desenvolverán as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social

Artigo 2. Actividades que desenvolverán as mutuas e os destinatarios destas.

1. De conformidade co establecido no artigo 13.1 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, as ditas entidades, na súa condición de colaboradoras na xestión da Seguridade Social, poderán desenvolver actividades para a prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais a favor das empresas asociadas e dos seus traballadores dependentes, e dos traballadores por conta propia adheridos que teñan cubertas as continxencias citadas, nos termos e condicións establecidos no inciso primeiro do artigo 68.2.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, no referido regulamento, nesta orde e nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

2. Estas actividades, que non implican atribución de dereitos subxectivos a favor dos devanditos colectivos, complementarán, sen substituílas, as obrigas directas que os empresarios asumen en cumprimento do establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a través de calquera das modalidades de organización da actividade preventiva. As actuacións orientaranse preferentemente a coadjuvar nas pequenas empresas e nas empresas e sectores con maiores indicadores de sinistralidade á mellor incardinación nos plans e programas preventivos das distintas administracións competentes, ao desenvolvemento da I+D+i, á divulgación, educación e sensibilización en prevención de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Artigo 3. Financiamento, planificación e desenvolvemento das actividades preventivas das mutuas.

1. Na execución do seu orzamento anual, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social poderán destinar, dentro das dispoñibilidades orzamentarias que se lles autoricen, ata un máximo dun por cento dos seus ingresos polas cotas relativas ás continxencias profesionais, á realización das actividades a que se refire o artigo anterior.

2. Corresponderálle á Secretaría de Estado da Seguridade Social, consultadas as organizacións sindicais e empresariais máis representativas, a planificación anual das ditas actividades, o establecemento dos criterios a seguir e a asignación das prioridades na súa execución, conforme as propostas e os obxectivos fixados pola Secretaría Xeral de Emprego ou que deriven da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo en cada momento. O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo prestará a asistencia técnica e a colaboración necesaria na elaboración de tal planificación

anual, no seu seguimento e na valoración técnica dos seus resultados.

3. A partir das directrices fixadas, as mutuas presentarán ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, xunto co anteproxecto de orzamentos de cada exercicio económico, o plan de actividades preventivas que pretendan desenvolver no dito exercicio, debidamente priorizado, especificando os sectores e número de empresas ás cales van dirixidas, así como o número de traballadores afectados.

4. Durante o primeiro trimestre do ano seguinte a aquel en que se desenvolvese o plan de actividades preventivas, as mutuas deberanlle facilitar á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social información detallada sobre a aplicación do plan.

CAPÍTULO III

Actividades preventivas con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación

SECCIÓN 1.ª ACTIVIDADES PREVENTIVAS DE ÁMBITO ESTATAL OU SUPRAUTONÓMICO QUE DEBERÁ DESARROLLAR O INSTITUTO NACIONAL DE SEGURIDADE E HIXIENE NO TRABALLO

Artigo 4. Actividades preventivas de ámbito estatal ou suprautónómico.

No ámbito das competencias da Administración da Seguridade Social derivadas da xestión das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, a Secretaría de Estado da Seguridade Social poderá encomendar ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, na súa condición de organismo científico e técnico especializado da Administración xeral do Estado e centro de referencia nacional en materia de seguridade e saúde no traballo, a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso procedan, o desenvolvemento de programas e actividades preventivas de ámbito estatal ou suprautónómico que deberá realizar o propio Instituto ou coa colaboración das organizacións sindicais e empresariais máis representativas e, de ser o caso, coas súas institucións técnicas especializadas en materia preventiva, tendentes a coadjuvar á máis axeitada planificación, seguimento e prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Artigo 5. Traballos de análise e investigación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

Así mesmo, no ámbito das súas competencias, a Secretaría de Estado da Seguridade Social poderá encomendar ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo, a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso procedan, a realización de traballos de análise e investigación dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como o desenvolvemento de actividades e traballos sobre as devanditas materias e aquelas outras que poidan ser de interese ou afecten o sistema da Seguridade Social.

Artigo 6. Financiamento das actividades preventivas encomendadas ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo.

As actividades preventivas que a Secretaría de Estado da Seguridade Social lle encomende ao Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo de conformidade co sinalado nos artigos 3.2, 4 e 5 desta orde, financiaranse con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación, en función das súas dispoñibilidades e nos termos que se establezan, en cada caso, na resolución que dite para o efecto a mencionada Secretaría de Estado, tendo en conta

as prioridades, criterios e programas propostos en cada momento pola Secretaría Xeral de Emprego ou que poidan derivar da Estratexia Española de Seguridade e Saúde no Traballo.

SECCIÓN 2.^a OUTRAS ACTIVIDADES PREVENTIVAS DE ÁMBITO ESTATAL OU SUPRAUTONÓMICO QUE SE DESENVOLVERÁN CON CARGO AO FONDO DE PREVENCIÓN E REHABILITACIÓN

Artigo 7. *Outras actividades de ámbito estatal ou suprautónómico que se desenvolverán con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación.*

A Secretaría de Estado da Seguridade Social, no marco das súas competencias e con cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación, poderá igualmente realizar traballos de análise e investigación relacionados coas continxencias profesionais, ou levalos a cabo con outras administracións públicas e institucións, a través dos instrumentos xurídicos que en cada caso procedan, conforme as fórmulas que se habiliten para o efecto.

CAPÍTULO IV

Financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais

Artigo 8. *Financiamento da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais.*

1. De conformidade co previsto no punto 2 da disposición adicional quinta da Lei 31/1995, do 8 de novembro, na redacción dada pola Lei 30/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2006, e co fin de garantir a regularidade no cumprimento dos fins da Fundación para a Prevención de Riscos Laborais, realizaranse achegas patrimoniais a esta con cargo ao 80 por cento do exceso de excedentes da xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social ingresado no Banco de España á disposición deste ministerio.

2. A contía das ditas achegas fixaraa anualmente a Secretaría de Estado da Seguridade Social, tendo en conta o exceso de excedentes xerado polas mutuas no último exercicio, e sen que a dita achega poida superar o límite de vinte e cinco millóns de euros.

Artigo 9. *Autorización das achegas.*

A autorización para a entrega das achegas corresponderalle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social. Para tal efecto, antes do día 15 de decembro de cada ano, a Fundación para a Prevención de Riscos Laborais formulará a solicitude de entrega da achega ante a mencionada dirección xeral, acompañada do plan detallado de actividades que se van desenvolver coa devandita achega no exercicio seguinte.

Artigo 10. *Xustificación da aplicación das achegas.*

Antes do día 30 de xuño do ano seguinte a aquel a que corresponda a achega, a fundación xustificaralle á Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social a aplicación da achega correspondente ao exercicio anterior, á cal unirá unha memoria das actividades desenvolvidas no devandito ano, xunto co resultado dos controis de avaliación ou de calidade que se establezan.

Disposición transitoria única. *Achega á Fundación para a Prevención de Riscos Laborais para o ano 2006.*

A contía da achega que se efectuará á Fundación para a Prevención de Riscos Laborais para o ano 2006, con

cargo ao Fondo de Prevención e Rehabilitación, fíxase na suma de vinte e cinco millóns de euros.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde e, expresamente, a Orde do 22 de abril de 1997 pola que se regula o réxime de funcionamento de mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais de Seguridade Social en desenvolvemento de actividades de prevención de riscos laborais.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o secretario de Estado da Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de novembro de 2006.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

20766 *ORDE MAM/3624/2006, do 17 de novembro, pola que se modifican o anexo 1 do Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, aprobado polo Real decreto 782/1998, do 30 de abril, e a Orde do 12 xuño de 2001, pola que se establecen as condicións para non aplicarlles aos envases de vidro os niveis de concentración de metais pesados establecidos no artigo 13 da Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases. («BOE» 285, do 29-11-2006.)*

A Directiva 94/62/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, relativa aos envases e residuos de envases, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases.

A disposición derradeira única do Real decreto 782/1998, do 30 de abril, polo que se aproba o Regulamento para o desenvolvemento e execución da devandita lei, contén unha habilitación de desenvolvemento, a favor do titular do Ministerio de Medio Ambiente, para ditar as disposicións necesarias para adaptar os anexos do regulamento ás modificacións que, de ser o caso, sexan introducidas pola normativa comunitaria.

Posteriormente, a Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de febreiro de 2004, pola que se modifica a 94/62/CE, ampliou a definición de envase contida no artigo 3.1 mediante a introdución de novos criterios, que son ilustrados coa inclusión de exemplos no anexo da norma.

A incorporación ao ordenamento xurídico español da Directiva 2004/12/CE do Parlamento Europeo e do Conse-